


TAREFAS 2ª SESIÓN ILLA DE SAN SIMÓN

- Entramos no curso que xa temos creado cada un de nós.


Onde figura o nome do curso imos ao botón da roda da esquina superior dereita  **Activamos a edición**. Sempre que queramos engadir algún recurso ao noso curso será obrigado "activar a edición", e logo de rematar haberá que "desactivar edición".

- Se nos fixamos, en cada un dos temas do curso, no medio da páxina hai un botón que pon "+ engadir unha actividade ou recurso". Cando o pulsamos desprégase unha lista no medio da páxina que pon ACTIVIDADES na parte superior. Nos ímos desprazar unha barra gris que esta no medio ata a parte inferior ata que apareza RECURSOS, que son os que ímos a traballar nesta sesión. Cada recurso o incluiremos nun tema distinto do noso curso en orde sucesiva (Ex: Cartafol no Tema 1, Etiqueta n Tema 2,.....)



Hoxe traballaremos as distintas opcións deste despregable que son: **Cartafol, Etiqueta, Ficheiro, Libro, Páxina, URL** e **Contido de paquete IMS**

Usaremos os materiais documentos que están no Sesión 2 do curso básico de Moodle 2021 illa de San Simón.



1ª PARTE: Cartafol - Faremos as actividades no Tema 1

Teremos que engadir varias carpetas con arquivos

1.- Teremos que crear dúas carpetas:

A **ruta** a seguir é: **Engadir unha actividade ou recurso-cartafol -nome- descripción- Contido- crear a carpeta -gardar e volver ao curso**



- A primeira carpeta poderá chamarse "**Teoría**"

Meteremos un documento (en PDF) que se chame "**Apuntes Tema 1**" no lugar onde pon "**solte aquí os ficheiros para enviar**" xusto debaixo da frecha azul

- A segunda carpeta poderá chamarse "**Práctica**"

2.- Crearemos unha **subcarpeta** dentro da anterior co nome de "**Ejercicios do Tema 1**". Dentro desta última carpeta poderemos poñer exercicios individualizados (en Word ou Open Office) para cada alumno/a onde figure o seu nome na carpeta. Así poñeremos dentro desta carpeta os seguintes:

- "**Ejercicio para o alumno 1**"
- "**Ejercicio para o alumno 2**"
- "**Ejercicio para o alumno 3**"

2ª PARTE Etiqueta Faremos a actividade no Tema 2

Teremos que engadir varios tipos de etiquetas

3- Primeiro escollemos a opción **etiqueta**, e no **texto da etiqueta** escribimos "**Tema 2**". O seleccionamos e o poñemos en negrita, lle damos ao cadrado da esquina e o abreirse escollemos o cadrado que ten un pincel e lle cambiamos a cor.

4- Teremos que pegar unha **etiqueta** no Tema 2. A etiqueta está no cartafol que pon "**etiquetas en jpg**" e se chama "**Etiqueta Tema 2**".

Para engadila escollemos a seguinte **ruta**:

Etiqueta- escolles o cadrado coa montaña e o Sol - Browse repositories..- Enviar un ficheiro- Seleccionar o arquivo- Se busca o arquivo no escritorio ou na carpeta onde este- Etiqueta Tema 2- Abrir - Enviar este arquivo -Inserir -OK



5.- Teremos que pegar unha **imaxe** no Tema 2. A imaxe está no cartafol que pon "**imaxes en jpg**" e se chama "**Imaxe 2**".

Para engadila escollemos a seguinte **ruta**:

Etiqueta- escolles o cadrado coa montaña e o Sol - Browse repositories - Find or upload an image...- Enviar un ficheiro- Seleccionar o arquivo- Se busca o arquivo no escritorio ou na carpeta onde este- imaxe 2- Abrir - Enviar este arquivo -Inserir - OK



6.- Teremos que incluír un **vídeo** dentro da opción etiqueta e temos 2 opcións:
- **opción A (a que faremos nós):** para iso temos que entrar en **YouTube** e seleccionar un vídeo que no noso caso será "**London tourism - England.....** " (a primeira opción que aparece).

Dentro do **vídeo de Youtube** ímos a seguinte **ruta:**

Compartir- inserir - copiamos todo o código que aparece co botón dereito **copiar** dende `< iframe ...ata ...../iframe >`.

Agora imos a **aula virtual nosa** e no Tema 2 a seguinte ruta: **etiquetas-** o cadrado que pon **<>**, pulsamos un **enter** para saltar unha liña e alí co botón dereito lle damos a **pegar- Actualizar**.

- **Opción B (Non a faremos na clase de hoxe).** **Ruta:**

Temos que ter o vídeo no escritorio e dende **etiqueta- Cadrado con fotograma** (10 de arriba) - **Find or upload a sound, vídeo...** - se escolle no escritorio o vídeo que queres subir - **enviar este ficheiro** (esperar bastante tempo)- **inserir**.

- **Vantaxe** desta opción: que o vídeo xa non se borra da túa AV, aínda que o borren de internet.

- **Inconveniente:** normalmente subir un vídeo a AV leva bastante tempo, tarda en cargar o vídeo un pouco. Desaconsellado para vídeos longos.

3ª PARTE Ficheiro Faremos a actividade Tema 3

Teremos que subir distintos tipos de ficheiros un de Word, un OpenOffice, un PowerPoint (PPT), un pdf.

7.- Para subir os ficheiros haberá que facelo dun en un. Empezaremos c un de Word.

Ruta: **Ficheiro-Nome** (ex **Ejercicio tema 3**)- **Descripción** (breve resume do que trata o ficheiro) - **Ficheiros seleccionados** (botar o arquivo sobre a frecha azul (ex: **ejercicios Alumno 3 Word**)).

En **apariencia- Presentar-** escollemos a opción- **nunha xanela emerxente** (para que así ao pechar o documento non pechemos tamén a AV).

7 bis (Non o faremos hoxe).- Pódese facer o mesmo co arquivo de **OpenOffice do Tema3**, co **PDF do Tema 3**, co **PPT 3** (tarda un pouco máis), coa **Imaxe 3**, empregando sempre o mesmo mecanismo.

E en **restringir acceso** podemos dicirlle cando permitimos o acceso a ese ficheiro e cando pechamos ese acceso.

4ª PARTE Libro Faremos a actividade no Tema 4

Teremos que facer un libro de 3 páxinas que teña unha imaxe o un vídeo.

8.- Primeiro creamos o libro.

Ruta: **Engadir unha actividade ou recurso -libro-nome** (poñemos o nome do noso exemplo, **O aparello dixestivo**, **descripción** (moi breve)- **apariencia- número- gardar e volver ao curso**. É como si tiveramos o libro en branco, agora hai que enchelo de información.

Buscamos a información para confeccionar o libro. Neste exemplo atopamos en internet unha páxina da **wikipedia** sobre o "**aparello dixestivo**"

(https://gl.wikipedia.org/wiki/Aparello_dixestivo)

Imos ao **libro creado** (**aparello dixestivo**) e clicamos nel e empezamos enchendo o primeiro capítulo.- Dámoslle un **nome** (ex: **Definición**) é imos copiando o primeiro

apartado da wikipedia e pegando no **contido** do libro. Cando rematamos aparece un menú novo a esquerda que se chama "**Táboa de contidos**" (**Olló**). É neste menú onde creamos o segundo capítulo dándolle ao **+** que aparece nese menú. Enchemos o segundo capítulo de **nome** (ex: **anatomía e fisioloxía**) e enchemos o **contido** copiándoo da wikipedia. Entón podemos engadir do mesmo xeito máis capítulos. Tamén podemos engadir, **fotos**, o **vídeos** en cada una das páxinas tal e como fixemos nos apartados anteriores.

5ª PARTE Páxina Faremos a actividade no Tema 5

Teremos que facer unha páxina que teña algunha imaxe.

9.- Facer unha páxina é o mesmo que libro pero so tería unha páxina, ou un libro que vai todo seguido sen páxinas.

A **ruta** é: **Engadir unha actividade ou recurso-Páxina- Nome** (ex: **a segunda república**)- **Descrición** (breve)- **Contido da páxina** (a podemos sacar da wikipedia https://gl.wikipedia.org/wiki/Segunda_Rep%C3%ABlica_Espa%C3%B1ola)

6ª PARTE URL Faremos a actividade no Tema 6

Teremos que enlazar un vídeo de YouTube ou unha paxina de internet calquera

10.- Termos que buscar un vídeo, por exemplo este de Carmina Burana

https://www.youtube.com/watch?v=EJC-_j3SnXk

Copiamos o seu código completo na barra do navegador

Tamén se pode indo a **compartir** - **copiar**

Imos entón a AV.

Ruta: **Engadir unha actividade ou recurso - URL - Nome** (ex:Carmina burana)-

Descrición (breve)- **URL externo** (aquí pegamos o que copiamos na páxina de YouTube)- **Apariencia- Presentar-** é no menú escoller **nunha xanela emerxente**.

7ª PARTE Contido de paquete IMS Faremos a actividade no Tema 7

Teremos que descargar e instalar un paquete IMS

11.- Teremos que atopar un **paquete IMS na Web**, para iso podemos ir a unha páxina que os garda que se chama **agrega**

(<http://agrega.educacion.es/visualizadorcontenidos2/Portada/Portada.do>)

Nesa páxina no **buscador** poñemos **historia** e entramos na primeira opción **Curso de xeografía e historia 4º ESO**. Baixamos na páxina ata o botón de **descargar**.

Dicimos que queremos descargar **contenidos e metadatos** (xa esta) e marcamos o **paquete IMS CP.- Descargar**. Entón nos descarga o arquivo no noso ordenador en **formato ZIP** (OLLO non hai que descomprimilo). (o paquete está na documentación)

Agora imos a AV á seguinte **ruta**:

Engadir recurso- Contido de paquete IMS - Nome (ex: **Curso de xeografía e historia**)-

Descrición (breve)-**Contido** (botamos o paquete IMS comprimido en zip sobre a frecha azul.) - **Gardar e volver ao curso**

Todo o anterior debe estar dentro da aula virtual que creáchedes cada un de vós co voso nome e que debería estar dentro da categoría "outros**".**